

POR QUE O BORRADOR DO ACORDO É INSUFICIENTE



ANÁLISE BORRADOR XORNADA LABORAL DOCENTE 26/27

| ASPECTO | SITUACIÓN ACTUAL (ORDE 4 DE XUÑO DE 2012) (ORDE 23 DE XUÑO DE 2011) | BORRADOR ACORDO 26/27 (OPCIÓN 20) | VALORACIÓN DO STEG |
|--|---|---|--|
| Horario lectivo secundaria | Ata 20 períodos lectivos | Pódese chegar aos 20 períodos | ✗ Non hai redución real |
| Profesorado que xa non chega a 20 lectivas | Completa con complementarias para chegar a 23 fixas | Segue igual | ✗ Non cambia nada para moito profesorado |
| Gardas | 1 garda de recreo de 30 min. computa como 1 período | Precísanse 2 gardas (50-60 min.) para computar 1 período complementario | ✗ Aumenta a carga real |
| Permanencia no centro | 30 horas obrigada | 30 horas obrigada | ✗ Sen mellora |
| Reducións equipos directivos | Reducións actuais segundo tipo de centro | Todos gañan 2 períodos (excepto vices en centros <450 alumnado, que seguen igual) * Como máximo e segundo dispoñibilidade de profesorado | ⚠ Sen garantía efectiva Sen custe para a administración |
| Xefaturas de departamento | 1 período lectivo (unipersoais) 3 períodos lectivos (resto) | Pasan a complementarias fixas (1 período complementario (unipersoais) e 3 períodos complementarios fixos) | ✗ Retroceso |
| Dinamización lingua galega | Ata 3 períodos lectivos | 1 lectivo + 2 complementarias fixas | ✗ Retroceso |
| Coordinación FCT | Ata 3 períodos lectivos | 1 lectivo + complementarias fixas a determinar | ✗ Menos redución efectiva |
| Biblioteca | 2 complementarias fixas | 1 lectiva + complementarias fixas a determinar polo centro | ⚠ Ambigüidade e incerteza |
| Representantes no Consello Escolar | 2 horas complementarias fixas | "Sesións complementarias fixas a determinar polo centro" | ✗ Perda de dereitos consolidados |
| Novas coordinacións (TIC, DIXIGAL, 1ºs auxilios, creativos, programas internacionais, STEMBACH...) | Sen regulación clara ou inexistente | 1 ou 2 lectivas + complementarias fixas a determinar | ⚠ Concrétase pero é limitante |
| Titorías | Sen redución horaria | Redución de un período lectivo para as titoras | ✓ Único avance parcial |

⚠ O QUE NON APARECE NO BORRADOR



REIVINDICACIÓNS FUNDAMENTAIS IGNORADAS

- Redución a 21 horas lectivas en primaria
- Fin da discriminación horaria na FP
- Redución da xornada lectiva para maiores de 55 anos
- Garantías reais de aplicación das reducións
- Incremento suficiente de persoal docente

📢 POR QUE O STEG O CONSIDERA INSUFICIENTE?

- ✗ Non reduce realmente a carga laboral.
- ✗ Moitas "melloras" dependen da dispoñibilidade do centro.
- ✗ Transforma reducións lectivas en horas complementarias.
- ✗ Mantén a sobrecarga estrutural do profesorado.
- ✗ Non recupera o poder adquisitivo do profesorado.

O QUE DEFENDEMOS



Redución real de horas lectivas



Máis contratación de profesorado



Mellora das condicións laborais



Atención digna ao alumnado

UN ACORDO QUE GARANTA:



Recuperación íntegra do poder adquisitivo



Ensino público galego de calidade



Recuperación íntegra do poder adquisitivo

DOCENTES CANSADAS, ALUMNADO SOBRECARGADO, ENSINO DEGRADADO.

PROFESORADO EN LOITA